



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C.I.F. P-2701000 H - R.E.L. 01270109

CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA: "MELLORA DE SINALIZACIÓN E ACCESIBILIDADE Á RUTA DO AZÚMARA DE CASTRO DE REI".

En Castro de Rei, a 11 de setembro de 2017.

REUNIDOS:

Duna parte, D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei, (Lugo), con DNI 33.327.642-K, en virtude da sesión constitutiva do Pleno de 11 de xuño de 2011, no exercicio do seu cargo, facultado xenéricamente para este acto polo artigo 41:12 do RD 2568/86, de 28 de novembro, e expresamente por Decreto de Alcaldía 54/2016, de 7 de marzo (publicado en B.O.P. nº 79, de 7 de abril de 2016)



de outra, D. Manuel Novoa Castro, con DNI 76.620.497-E, en nome e en representación da entidade mercantil Manuel Novoa Castro S.L., con CIF B-27429653, domiciliada en Parque Empresarial, parcela I48, Monterroso (Lugo), e a efectos de notificacións relativas a este contrato no citado enderezo segundo tén acreditado no expediente de contratación.

Ambas partes recoñécense competencia e capacidade para outorgar o presente contrato, e na súa virtude

MANIFESTAN:

I. Que o Concello de Castro de Rei, mediante Providencia de Alcaldía de 10 de xullo de 2017, inicia expediente para a contratación da obra Mellora de sinalización e accesibilidade á ruta do Azúmara de Castro de Rei, mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente segundo o prego rector da contratación.

II. Que en data 12 de xullo de 2017, a Alcaldía por Decreto nº 305, acordou a licitación mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente, aprobando o expediente de contratación, o compromiso de gasto por importe total de setenta e seis mil douscentos dez euros con vinte douz céntimos (76.210,22 euros), e os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescripcións técnicas.

III. Que en data 31 de xullo de 2017, trala presentación das empresas invitadas, celebrouse a apertura dos sobre A relativos á documentación administrativa e o 2 de agosto de 2017 celebrouse acto de apertura dos sobre B relativos á oferta económica e documentación.

IV. Que en data 21 de agosto de 2017, a Alcaldía en Decreto nº 380, acordou a aceptar e propoñer á empresa Manuel Novoa Castro S.L., como licitador coa proposición máis ventaxosa para os intereses municipais, polo importe de 72.399,72€.

V. Que en data 1 de setembro de 2017, a Alcaldía en Decreto nº 398, acordou a adxudicación do contrato en favor da oferta presentada por Manuel Novoa Castro S.L., por importe total de setenta e douz mil trescentos noventa e nove euros con

MANUEL NOVOA CASTRO S.L.U.
NIF: B-27429653
Servicio de Conservación y Mantenimiento

CONCELLO DE CASTRO DE REI

CONTRATO DE OBRA DE OBRAS PÚBLICAS

setenta e dous céntimos (72.399,72€) con cargo á aplicación presupuestaria 432.609 do orzamento 2017.

V. Que sendo constituida a fianza definitiva mediante aval bancario emitido pola entidade Banco Pastor Grupo Banco Popular, co nº 08248/00711 de rexistro, no Rexistro Especial de Avais, por importe do 5% do prezo do contrato, excluido o IVE, que representa a cantidad de dous mil novecentos noventa e un euros con setenta e dous céntimos, (2.991,72€) e acreditado o cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración Estatal e coa Administración Autonómica) e de seguridade social, así como de alta no Imposto de actividades económicas e de dispoñer dos medios comprometidos para a execución do contrato, polo que procede formalizar o contrato dacordo coas seguintes

ESTIPULACIÓN:

Primeira. OBXETO.

O Concello de Castro de Rei contrata con Manuel Novoa Castro, S.L., a execución da obra de "Mellora de sinalización e accesibilidade á ruta do Azúmara de Castro de Rei" segundo os pregos rectores da contratación e a oferta presentada polo adxudicatario.

Esta obra está incluída dentro das axudas contidas na Resolución de 29/12/16, da Axencia de Turismo de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020, convocatoria para o ano 2017, en virtude da Resolución de concesión de subvención da Axencia Turismo de Galicia, de data de 21 de xuño de 2017 (que tivo entrada no concello co nº 1.740 do 26 de xuño de 2.017).

Segunda. PREZO.

O prezo a satisfacer polo concello será de setenta e dous mil trescentos noventa e nove euros con setenta e dous céntimos (72.399,72€), segundo a oferta presentada e nas condicións aceptadas polo adxudicatario.

Sendo o valor estimado de cincuenta e nove mil oitocentos trinta e catro euros con coarenta e oito céntimos (59.834,48€) máis doce mil cincocentos sesenta e cinco euros con vinte catro céntimos (12.565,24€) de IVE.

Terceira. PAGOS.

Os pagos efectuaranse conforme ao disposto no Prego de cláusulas administrativas particulares, en concreto na cláusulas 19 e 20 do mesmo.

Cuarta. DURACIÓN.

O obxecto do contrato deberá ser realizado no prazo máximo sinalado na cláusula 6ª do prego de cláusulas administrativas (antes do 28/09/17). En caso de demora estarase ao disposto na cláusula 26 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinta. SUBCONTRATACIÓN.

O contratista non poderá subcontratar a execución da obra, dacordo coa cláusula 18 do citado prego.

CONCELLO DE CASTRO DE REI
MANUEL NOVOA CASTRO S.L.



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

Sexta. AUTORIZACIÓN.

Deberá o contratista cumplir coas condicións establecidas na autorización sectoriais presentes no expediente de Cultura (Resolución de Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que tivo entrada no rexistro do concello co nº 2099, de 31/07/17), da Deputación Provincial de Lugo (Resolución de 22/08/17 de Presidencia da Deputación, que tivo entrada no rexistro do concello co nº 2359, de 04/09/17) e do que dispóna Confederación Hidrográfica Miño-Sil pendente de resolver, previa petición de autorización de saída do concello co nº 831, de 27/06/17).

Sétima. GARANTÍA.

O contrato manterá a súa vixencia ata a extinción do prazo de garantía fixado no prego de cláusulas administrativas particulares, e acordo coa oferta presentada polo adxudicatario que sinalaba un prazo de seis meses a maiores do ano indicado no devandito prego.

Oitava. PREGOS.

Do presente contrato formarán parte os Pliegos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescripciones Técnicas reguladoras da contratación, aos que o contratista manifesta a súa conformidade.

Novena. OBRIGAS DO CONTRATISTA.

Así mesmo o contratista presenta o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes, resultando estes compromisos parte integrante do contrato e tendo a condición de obrigas esenciais aos efectos do sinalado nas cláusulas 26 e 27 do prego de cláusulas administrativas da contratación.

Décima. SUMISIÓN.

Ambas partes sométense expresamente á lexislación de contratos das Administraciones Públicas, en vigor.

E en proba de conformidade, ambas partes asinan este documento, en duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento do contrato, do que eu a secretaria do concello dou fe.



O alcalde

A secretaria

O contratista
MANUEL NOVOA CASTRO S.L.U.
NIF - B 27142653
Servicios, Conservación y Mantenimiento